

25 anos
xunta@

CATÁLOGO
REDE CULTURAL
2025

CULTURATIVA

ESCÉNICAS

TEATRO FAMILIAR

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN
PÍSCORE
K'PAPAROTA TEATRO
BANDULLO AZUL
CULTURACTIVA PRODUCCIÓN
RENDOS PEQUENO

CIRCO

ZIRKO TXOSKO
SU.MA
SEMPRE ARRIBA
MUU
DESASTRONAUTS
HENRIKO
A VELA CIRCO
KOTE MALABAR
RUDI DUDI
VELLA ESCOLA

ITINERANTE

TROULA ANIMACIÓN
CATROPÉS
TRÍO DETRÉS
BONECA LARETA

MAXIA

MAGO TETO
DANI GARCÍA

NARRACIÓN FAMILIAR

VERO RILO
A COVA DAS LETRAS
FRAN REI
BANDULLO AZUL

TEATRO ADULTO

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN
CULTURACTIVA PRODUCCIÓN +
PALLASOS EN REBELDÍA
LA GRIOT'TE
CULTURACTIVA PRODUCCIÓN
ARTEFEITO
ISABEL RISCO
BARROSANTA CÍA
SARABELA TEATRO
DIANA SIEIRA
ISABEL RISCO
SARABELA TEATRO

NARRACIÓN ADULTO

VERO RILO
LETI DA TABERNA
AVELINO GONZÁLEZ

MÚSICA

FORMATOS GRANDES

GUADI GALEGO
MERCEDES PEÓN
XURXO FERNANDES
ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI

NOVIDADES

OS CARUNCHOS
JAVIER OTERO NEIRA
TRES PESOS
LOITA AMADA
IALMA

VERBENA

FESTA
BAILE
QUINKILLADA
O SONORO MAXÍN
OS D'ABAIXO
MOMBOI
FLOW DO TOXO
TIAM GZ
GALIFUNK BRASS

FORMATOS ESPECIAIS

MÚSICA DE RÚA
PEQUENOS FORMATOS
MERCEDES PEÓN
JAVIER OTERO NEIRA
OS BREGADIERS
BRASSICA RAPA
ACORDEIRETA
OS MONIFATES
CÉ ORQUESTRA



TEATRO FAMILIAR

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN

Castelao

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: MÓNICA CAMAÑO,
CRIS COLLAZO

PÚBLICO: INFANTIL
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: 60'



*Celebra o Ano Castelao coñecendo
a historia do Daniel neno.*

Castelao é unha figura capital da historia das artes en Galiza e non contaba ata agora cunha proposta escénica para a infancia. Vimos a poñer remedio a isto cun gran equipo: un texto de Paula Carballeira coa dirección de Fina Calleja e con Mónica Camaño e Cris Collazo en escena.

Presentamos un Castelao divertido e aventureiro, un pirata con arriscadas aventuras no peirao de Rianxo que resolve grazas ás súas múltiples capacidades os problemas que se lle presentan.



CULTURACTIVA

PÍSCORE

Molto Barroco

DIRECCIÓN: *FRAN REI*
ELENCO: *PEPE VARELA, DIEGO ROSAL, FÉLIX RODRÍGUEZ, PABLO CABANELAS*

PÚBLICO: *FAMILIAR*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *70'*

Seleccionado no certame Barroco Infantil do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro.

Molto Barroco é un esmendrellante paseo pola excelencia da música barroca mesturada con gags cómicos de primeiro nivel. Con motivo do baile de petición de man da súa prometida, o Rei encarga ao Compositor da corte unha peza orixinal. Esta solicitude desencadea unha serie de escenas cómicas entre o Compositor e os seus tres músicos de cámara nas que teñen cabida todo tipo de gags, rutinas cómicas e musicais, bailes e ata xogos malabares.



CULTURACTIVA

K'PAPAROTA TEATRO

Inverno na lavandería

DIRECCIÓN: CARLOS CLEMENTE
ELENCO: PATRICIA CAMEÁN

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: 40'



Un relato poético, unha viaxe sensorial entre o cotiá e a fantasía, onde o frío do inverno abriga os corazóns e as historias se entrelazan en cada prenda.

O frío do inverno chegou a pequena lavandería da cidade onde o silencio borboriña segredos e o tambor da lavadora parece conter mundos enteiros. Unha nena intrépida e soñadora inicia un xogo máxico. Ao meter o seu abrigo na lavadora, o tambor comeza a xirar... cando a porta se abre, non atopa ruído nin rutina, senón unha morea de obxectos misteriosos que emerxen un a un e que a convidan a xogar e imaxinar.

Clown, títeres de man e manipulación de obxectos nun espectáculo para xogar e para imaxinar.



CULTURACTIVA

BANDULLO AZUL

Vicki e a felicidade

DIRECCIÓN: *MARCOS ORSI*
ELENCO: *FRAN CAMPOS,*
FRAN AMEIXEIRAS

PÚBLICO: *INFANTIL*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *50'*



*Unha fermosa historia sobre
o bo trato e o respecto.*

Este espectáculo conta a viaxe iniciática dun neno que está descubrindo o mundo e as emocións que nel habitan. Unha viaxe chea de humor, maxia e música onde a importancia da empatía, da igualdade e dos coidados está no centro da historia, xa que, xustamente todo isto, é o que consegue mellorar as nosas vidas e a das persoas que nos rodean.



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN

Máis saabor!

DIRECCIÓN: AVELINO
GONZÁLEZ
ELENCO: FELIX RODRÍGUEZ,
FRAN REI

PÚBLICO: INFANTIL
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 60'



*Un espectáculo delicioso, cocinado
a lume lento e en directo.*

Logo de máis de 150 funcións de Saaabor! o mesmo equipo de creadores volve ao ataque coa súa creación máis saborosa. Fran Rei e Felix Rodríguez retornan aos fogóns baixo as ordes do chef Avelino González para achegarnos un espectáculo totalmente orixinal, divertido e sorprendente cheo de humor, música e maxia.



CULTURACTIVA

RENDOS PEQUENO

Charlatán Rodríguez

DIRECCIÓN: *FRAN REI*
ELENCO: *FÉLIX RODRÍGUEZ*

PÚBLICO: *FAMILIAR*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *55'*



Non se deixen confundir: moinantes hai a moreas, pero ninguén engana co humor, o ritmo, a empatía e a arte de Charlatán Rodríguez.



Un charlatán chega á vila coa súa lingua afiada, os seus instrumentos afinados e seu posto de venda ateigado de remedios para todos os males.

Armado de retranca e coa sabedoría que dá percorrer todos os camiños, será quen de vender ao público menciñas que non necesitan a prezos que non poden pagar, cun catálogo infinito de solucións inútiles para problemas inexistentes, laretadas baleiras, melodías inventadas, pequenas grandes ilusións e contos de impostor. Porque o noso protagonista sabe sempre o que a xente quere escoitar.



CULTURACTIVA



CIRCO

ZIRKO TXOSKO

Tavole

DIRECCIÓN: *ARITZA RODRÍGUEZ*
ELENCO: *ARIÑE AZKUE,*
ÓSCAR PÁEZ

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: *50'*



*Un paso máis cara a excelencia
na carreira de Zirko Txosko.*

Zirko Txosko, dirixidos por Aritza Rodríguez, dan un tremendo paso adiante na súa linguaxe circense. Unha das mellores compañías novas do noso circo que se gradúa cun espectáculo adulto repleto de calidade e delicadeza.

Un show con acrobacias, danza, movementos, equilibrios cunha posta en escena orixinal e diferente que non esquece o humor habitual da compañía.



CULTURACTIVA

SU.MA

Glamping

DIRECCIÓN: GONÇALO GUERREIRO
ELENCO: SUE MORENO, MARÍA
MOVE, MARK TORRECILLAS

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: *50'*



*Acrobacias áreas, canto
e moito humor.*

Tres amigos con tres personalidades moi distintas embárcanse na aventura de pasar unhas vacacións xuntos. Pero a convivencia non sempre é cousa fácil, e os conflitos toman parte na escena cotiá dos campistas.

Superarán os nosos personaxes o reto de compartir un espazo común con elegancia?



CULTURACTIVA

SEMPRE ARRIBA

Hoxe si!

DIRECCIÓN: NATALIA OUTEIRO
"PAJARITO"
ELENCO: MARTA IGLESIAS

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: 45'



*Benvidas e benvidos a un dos
espectáculos máis divertidos do ano.*

Hoxe Si! Hoxe é o día. Temos un espazo de xogo, obxectos que soben baixan e flotan no ar, música, circo, moito humor, ganas e moita actitude.

Hoxe Si! É unha invitación a xogar, a gozar, a soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora...



INFO E
VIDEO

MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA

MUU

Crunch 2

DIRECCIÓN: *NATALIA OUTEIRO*
"PAJARITO"
ELENCO: *DANIEL BLANCO,*
ÓSCAR PÁEZ

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: *50'*



*Salvar o mundo a base de
risas non é doado, nin sequera
para Spunk e Scrunch!*

Volven os superheroes máis queridos do circo nunha nova aventura. Unha viaxe temporal aos seus comezos, volver á escola por non sacar o título. Novos inimigos, novas aventuras, novos desafíos. Un espectáculo familiar cheo de malabares, caídas, golpes, corda frouxa, risas e equilibrios imposibles.



CULTURACTIVA

DESASTRONAUTS

Somos Circo

DIRECCIÓN: *RAQUEL VEGANZONES, GIRISHO GORDON*
ELENCO: *RAQUEL VEGANZONES, GIRISHO GORDON*

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: *50'*



Incríbles acrobacias aéreas e hula hoops.

Damas e cabaleiros, nenos e nenas, chega o espectáculo que todos estivédesdes agardando. Raquel Feroz, a auténtica Raíña do Circo, deixárate pampo virando sobre o seu trapecio. Girisho, o Gran Director do Circo, sorprendérate coa súa forza e estupidez. Xuntos danche circo 100% puro. Un espectáculo de risco e acción. Rápido, divertido, acrobático, fermoso.



CULTURACTIVA

HENRIKO

Circo Cambuche

ELENCO: *KIKE CASTRO*

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: *50'*



Prepárate para un espectáculo de altura único.

O último supervivente do Circo Cambuche visita a vella carpa da familia cada domingo e fantasea con subir de novo ao arame, como cando era neno. Será o recordo da súa avoa quen lle dea forza para volver montar no seu monociclo e voar.



CULTURACTIVA

HENRIKO

O feiticeiro + #TodoTrucazos

ELENCO: *KIKE CASTRO*

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*

ESTILO: *CIRCO*

DURACIÓN: *50'*

The Power of the Mind.



O FEITICEIRO

Henriko é un peculiar feiticeiro, mago, bruxo, charlatán... que sente que realiza trucos increíbles. Proezas que superan o entendemento humano. Pero en realidade é unha fraude de mago ao que mesmo os nenos lle cazan os trucos.



#TODOTRUCAZOS

É un espectáculo de malabares e humor cheo de ritmo. Conta a historia dun artista de circo que, tras facer 40 anos, decide voltar aos escenarios. Está nervioso e algo oxidado, pero demostra que está en boa forma realizando todo trucazos.



CULTURACTIVA

A VELA CIRCO

O último que apague a luz

DIRECCIÓN: WALTER
VELÁZQUEZ
ELENCO: ANA CUERVAS,
SANTIAGO MONTERO

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: 50'



Un delicioso e divertidísimo enredo.



Desde o humor e o circo, este espectáculo toma como punto de partida o universo creado por dous pallasos que deciden casar. Que pode pasar? Clown, equilibrios sobre torta, manipulación de obxectos entre veos, lanzamiento olímpico do ramo e moito máis!



CULTURACTIVA

KOTE MALABAR

Cirkote

DIRECCIÓN: *KOTE MALABAR*
ELENCO: *KOTE MALABAR*

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: *50'*



Un dos verdadeiros clásicos do circo galego.

Circo de rúa e teatro, malabares e humor, sobre todo moito humor. A indispensable participación do público fai que todo poida acontecer, incluso que un espectador acabe sendo a estrela da función. O clásico e ben feito espectáculo de circo de rúa que todo artista debe ter en carteira.



CULTURACTIVA

RUDI DUDI

Se non soño non son

DIRECCIÓN: *RUDI DUDI*
ELENCO: *RUDI DUDI*

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CIRCO*
DURACIÓN: *50'*



Rudi Dudi convídanos a soñar desde a súa ollada de clown.



Neste espectáculo, Rudi Dudi dá un paseo, co público da man, por un arco da vella de emocións. Mimo, baile excéntrico, música, maxia e malabares son algúns dos ingredientes dun show divertido, sorprendente e moi interactivo, que nos amosa as diferentes cores que cada un levamos dentro.



MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA

VELLA ESCOLA

Ópera Break's

ELENCO: *ESPERANZA MARA*
E ARTISTAS DO COLECTIVO
VELLA ESCOLA

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *DANZA*
DURACIÓN: *60'*




*Un increíble espectáculo de
fusión para todas as idades.*

A Vella Escola e a soprano Esperanza Mara unen forzas para crear unha proposta única dentro da cultura galega.

Rap, Beatbox, Picadiscos e Breakdance mesturadas coa impresionante voz da cantante de ópera Esperanza Mara. Unha proposta chea de ritmo, orixinalidade e momentos dunha gran plasticidade musical e física.



CULTURACTIVA



ITINERANTE

TROULA ANIMACIÓN

O estrano caso do dentista
da rúa Brasov

DIRECCIÓN: *DIEGO ROCA*
ELENCO: *DIEGO ROCA*

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *PASARRÚAS*
DURACIÓN: *50'*



*Este é o único dentista divertido
que vas ver na túa vila este verán.*

Un fantástico espectáculo
cunha estética balcánica e
de época moi conseguida.

Un peculiar dentista chega
á cidade con música,
monicreques, un increíble
carromato cheo de
sorpresas e historias das
súas viaxes polo mundo.

Poñede os dentes a cuberto!



CULTURACTIVA

CATROPÉS

Animacreques

DIRECCIÓN: ÁNXELA BLANCO,
VANESSA RIVAS
ELENCO: ÁNXELA BLANCO,
VANESSA RIVAS

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *PASARRÚAS*
DURACIÓN: 50'



*Un pasarrúas cheo de agarimo
e cunha proximidade única.*

A partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza, xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Un xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.



CULTURACTIVA

TRÍO DETRÉS

Máis ritmo

DIRECCIÓN: *FRAN REI*
ELENCO: *FÉLIX RODRÍGUEZ,*
OLIVIER CANO, ÓSCAR PRIETO

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *CÓMICO-MUSICAL*
DURACIÓN: *55'*



Alá onde vai, o Trío Detrés leva a música e a festa consigo.

Temas propios, versións de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras... Que acontece cando parte da banda chega tarde e despistada ao lugar do concerto? Unha sucesión de situacións cheas de humor, de improvisación, de solucións disparatadas, pero sempre acompañadas pola mellor música.



CULTURACTIVA

BONECA LARETA

Magic Brothers Big Band

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*

ESTILO: *ITINERANTE*

DURACIÓN: *60'*



Cinco xigantes multicolor crean unha experiencia visual asombrosa e unha festa sonora que fará vibrar o público ao ritmo da música en directo.

Pasarrúas formado por 8 músicos en directo (2 Trompetas, 1 Saxo alto, 1 Saxo tenor, 1 Tuba, 1 Trombón, 2 percusionistas) e 5 monicreques xigantes Magic Brothers.



CULTURACTIVA



MAXIA

MAGO TETO

GaleRock&Magic

DIRECCIÓN: *FRAN REI*
ELENCO: *MAGO TETO,*
MON ORENCIO, FER RISCO

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *MAXIA*
DURACIÓN: *70'*



*Desde o XabaRock ata a actualidade
coa maxia da música ao vivo.*



Galerock & Magic é un percorrido desde o rock do Xabarán Club que marcou unha xeración ata os grupos musicais actuais que están poñendo de novo a música galega no máis alto. Moita música en directo, pero tamén moito humor e moita maxia nun espectáculo nostálxico para uns, divulgador para outros e fascinante para todas. Un espectáculo cheo de chiscadelas e abraios que dignifica e pon en valor a nosa historia musical coa ilusión como vehículo transmisor.



MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA

MAGO TETO

Alquimia / Afiador /
As Nosas Letras / Pequenas Tolemaxias

DIRECCIÓN: MAGO TETO
ELENCO: MAGO TETO

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: MAXIA
DURACIÓN: 60'

*Garantía de abraio e risa en
diferentes formatos.*



Recorrendo un camiño máxico que simboliza todos os camiños interiores do ser humano, o Mago Teto fará unha viaxe a través de aparicións, desaparicións, casas encantadas, prediccións, levitacións, transformacións e moitos máis efectos máxicos que transportarán ao público a unha realidade onde todo é posible menos perder a ilusión. Un espectáculo de gran formato con números realmente inesquecibles.

ALQUIMIA



AFIADOR



AS NOSAS LETRAS



PEQUENAS TOLEMAXIAS



MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA

DANI GARCÍA

TIN

DIRECCIÓN: NATALIA OUTEIRO
"PAJARITO"
ELENCO: DANI GARCÍA

PÚBLICO: INFANTIL
ESTILO: MAXIA
DURACIÓN: 50'



Dani García volve cunha increíble invención máxica!

Non hai imposibles que se resistan a unha persoa enxeñosa, pois unha simple idea en mans de quen non se rende pode cambiar o mundo. TIN é un espectáculo de rúa, pensado para que persoas de calquera idade poidan participar e gozar. Unha hora de maxia inventiva e persoal na que seguro os aplausos estarán acompañados das risas e as bocas abertas.



CULTURACTIVA

DANI GARCÍA

Museo Encantado

ELENCO: *DANI GARCÍA*

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*

ESTILO: *INSTALACIÓN*

DURACIÓN: *3 HORAS*



Visita o mellor museo de maxia a ceo aberto do mundo.

Logo do éxito de Gadalka, Dani continúa a súa investigación sobre as instalacións máxicas creando catro novos espazos. Catro cabinas con interacción, participación e xogos máxicos para encher a túa localidade. Un confesionario, unha cabina de teléfonos, un fotomatón e a cabina de Gadalka cheas de maxia e humor.



MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA



NARRACIÓN FAMILIAR

VERO RILO

Cacho animalada

DIRECCIÓN: VERO RILO
ELENCO: VERO RILO, LUÍS IGLESIAS

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'



Animaladas de diversión, historias e música para as máis pequenas da casa.

Unha sesión de narración oral e música para público infantil.

A narradora Vero Rilo acompáñase desta vez da guitarra e voz do multifacético Luis Iglesias.

A tradición oral, o humor, o rock e a alegría fan cordada cun feixe de animais e animaladas pensadas para gozar en familia.

Un espectáculo fresco e despreocupado para recargar enerxías.



CULTURACTIVA

VERO RILO

Pelica de Burra

DIRECCIÓN: VERO RILO
ELENCO: VERO RILO, LUÍS IGLESIAS

PÚBLICO: *INFANTIL (0 A 3 / 3 EN DIANTE)*
ESTILO: *NARRACIÓN*
DURACIÓN: *45'*



*Un espectáculo con versións
para diferentes idades.*

Ano 2.735. Despois dunha increíble viaxe no tempo, Pelica de Burra aterriza nun futuro sen xogos, sen contos, sen música... nun futuro terrible. Ante isto, decide regresar ao pasado para atopar as palabras perdidas.



CULTURACTIVA

A COVA DAS LETRAS

Chafallas, a vendedora de fume

DIRECCIÓN: *CRIS COLLAZO*
ELENCO: *CRIS COLLAZO*

PÚBLICO: *INFANTIL*
ESTILO: *NARRACIÓN*
DURACIÓN: *45'*



A vendedora máis marabillosa chega a vila.

Chafallas vai de vila en vila buscándose a vida, conta historias e entretén á xente. Achéganos á literatura do rural galego e portugués dende a súa forma tradicional: contos cantados, enganos e embustes, o marabillosa, o retablo dos títeres, romances representados no cartelón...



CULTURACTIVA

FRAN REI

Superheroe

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ
ELENCO: FRAN REI

PÚBLICO: INFANTIL
ESTILO: MAXIA E NARRACIÓN
DURACIÓN: 55'



Descubre quen son os verdadeiros superheroes e superheroínas.

Somos superheroes e superheroinas das nosas vidas cotiás, superar as dificultades cada día son a nosa grande xesta. Iso é o que nos conta Fran Rei a través do humor e da maxia, os verdadeiros superheroes son os pais, e as nais.



CULTURACTIVA

BANDULLO AZUL

Fazulas e o ladrón de
paraugas

DIRECCIÓN: ANA CARREIRA
ELENCO: FRAN CAMPOS

PÚBLICO: *INFANTIL*
ESTILO: *NARRACIÓN*
DURACIÓN: 60'

*Tres edicións xa vendidas
do gato máis argalleiro.*

O espectáculo conta a viaxe iniciado por Fazulas, o gato persa de doña Adelaida, na súa obsesión por saber de que cor é o vento. Para dar resposta a ese misterio, emprenderá unha fantástica aventura, collido da empuñadura dun paraugas. Un libro de Xosé Lueiro editado por Galaxia que vai xa pola súa terceira edición.



CULTURACTIVA

BANDULLO AZUL

Historias dun mundo grande

DIRECCIÓN: *FRAN CAMPOS,*
FRAN AMEIXEIRAS
ELENCO: *FRAN AMEIXEIRAS*

PÚBLICO: *INFANTIL*
ESTILO: *NARRACIÓN*
DURACIÓN: *50'*



Unha fermosa viaxe polos valores.



A cadelinha Becki, desde a súa biblioteca onde pasa tanto tempo lendo e escribindo, cóntanos historias que foi coñecendo nas súas viaxes polo mundo. Historias de colaboración e de solidariedade entre as persoas. E con ela cantamos e bailamos para celebrar o respecto e a felicidade.



CULTURACTIVA



TEATRO ADULTO

CULTURACTIVA PRODUCCIONES

Nada se sabe

DIRECCIÓN: *IGNACIO GARCÍA, FRAN REI*
ELENCO: *CORINA ALFONSO,*
RUBÉN BARGIELA, ALBA CHAO,
ELVIS GARCÍA

PÚBLICO: *ADULTO*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *70'*



*Calidade, profesionalidade e
discurso para unha inclusión real.*



Dúas actrices e dous actores repasan diversas visións da discapacidade no teatro clásico, deténdose nunha adaptación moderna escrita por Manuel Lourenzo de Filoctetes, unha das traxedias gregas de Sófocles, na que se presenta a idea da diferenza, da persoa discriminada, diferente, que a sociedade non sabe (ou non desexa) incluír.



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA + PALLASOS EN REBELDÍA

Vía Morta

DIRECCIÓN: *EVA EGIDO*
ELENCO: *IVAN PRADO,*
ANABELL GAGO, FRAN REI,
ROCÍO SALGADO

PÚBLICO: *ADULTO*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *65'*



*Unha historia sobre as nosas
fronteiras na actualidade.*



Vía Morta pretende ser, máis que un espectáculo teatral, unha experiencia a través do teatro. Unha montaxe teatral que trae a realidade dos refuxiados e refuxiadas ao público de Galicia a través dunha proposta que converte ao espectador nun refuxiado máis.



CULTURACTIVA

LA GRIOT'TE

O rexurdimento do Divino Sainete

DIRECCIÓN: NAZAN L. BAMIO
ELENCO: SANDRA GADE,
CELINA FERNÁNDEZ PONTE,
MARCOS GRANDAL

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: 60'



*La Griot'te reinterpreta e actualiza
a Curros Enríquez e o seu
Divino Sainete.*



Baseada en 'O Divino Sainete' de Curros Enríquez, e tamén na vida do escritor, esta sátira sitúa ao poeta e á xoglaresa LaGriot'te nunha viaxe en tren rumbo a Jacobusland. Un espectáculo que fala de intolerancia, extremismo, censura e autocensura, sensacionalismo, as guerras incivís que nos rodean, a corrupción... e todo a través da ironía, a sátira e o humor.



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN

As Alumnas

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: ANABELL GAGO,
MÓNICA CAMAÑO

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 70'



*Premio Nacional de Literatura
Dramática 2023.
Premio Follas Novas 2023 á mellor
obra de teatro.
Premio Luisa Villalta a proxectos
pola igualdade.*



Un espectáculo sobre xustiza social, memoria histórica, igualdade e resiliencia. Un fermoso artefacto escénico escrito por Paula Carballeira e dirixido por Fina Calleja. Mónica Camaño e Anabell Gago atopanse no pasamento da súa mestra, María Barbeito, e conducénnos por unha senda emocional que arrinca desde que se coñecen na escola antes da Guerra Civil ata os anos 70.



CULTURACTIVA

ARTEFEITO

Soños

DIRECCIÓN: TAMARA CANOSA
ELENCO: SARA FERRO, ANXO
OUTUMURO, VICKY PÉREZ

PÚBLICO: *TODOS OS PÚBLICOS*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: 60'



Tamara Canosa dirixe esta peza sobre o dereito dos adolescentes tutelados a unha vida con oportunidades.



Con texto de Fernando Epelde e a dirección de Tamara Canosa, Soños é a primeira obra teatral galega que trata a situación da mocidade tutelada en Galicia. A escrita provén do contacto directo do autor e a directora con rapaces e rapazas de vivendas tuteladas, levando as súas experiencias ao escenario para crear unha obra realista e con moito ritmo. Abrimos unha fiestra á vida, á esperanza e as felicidades, dificultades e Soños de algunhas destas persoas.



CULTURACTIVA

ISABEL RISCO

Nabiza Girl II: A increíble historia da cultura minguante

DIRECCIÓN: *FRAN REI*
ELENCO: *ISABEL RISCO,*
ALBERTE BELLO

PÚBLICO: *ADULTOS*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *70'*



Premio FETEGA Carballiño á Mellor Actriz 2015.
Premio Mestre Mateo 2013 á mellor interpretación feminina de reparto.
III Premio Luísa Villalta da Deputación da Coruña.

Pensabades que morrera, pero estaba de parranda!

A máis importante superheroína galega é ben poderosa e supera todas as adversidades. Volve aturuxar dende o cumio do Pindo a nosa Nabiza Girl acompañada nesta aventura polo seu fiel escudeiro, Don Galizo, para loitar contra as inxustizas e os problemas que asolagan a nosa terra.

Isabel Risco e Alberte Bello achegan unha comedia valente, destemida, arriscada e chea de sorpresas nun espectáculo cheo de feminismo, reivindicación do galego e do noso medio; pero cargado, sobre todo, de gargalladas e humor.



CULTURACTIVA

BARROSANTA CÍA

Ragazzo

DIRECCIÓN: *XABIER CASTIÑEIRA*
ELENCO: *ANXO OUTUMURO*

PÚBLICO: *ADULTO*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *70'*



Anxo Outumuro destila calidade no seu primeiro traballo en solitario.



Un texto de Lali Álvarez dirixido por Xavier Castiñeira (Butacazero) con Anxo Outumuro. Ragazzo é unha historia real con nome e apelidos: Carlo Giuliani; un xoven activista italiano de 23 anos, asasinado a mans da policía, o 20 de xullo de 2001 nunha manifestación contra o cumio do G8 en Xénova. Ragazzo é unha oda á xuventude e á liberdade, un grito á vida, á dignificación das historias persoais e unha reivindicación da memoria colectiva.



CULTURACTIVA

SARABELA TEATRO

A Cincenta que non quería
comer perdices

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: SABELA GAGO, FERNANDO
DACOSTA, EVA TATO

PÚBLICO: ADULTO E ADOLESCENTE
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: 70'



As princesas rebélanse.

A Cincenta foi un día á festa a bailar, e sen saber moi ben como estaba de súpeto casada cun Príncipe ao que lle tiña que cociñar perdices cada día. Un espectáculo que trata temas como a violencia de xénero, a autoestima, a solidariedade, a diversidade, os prexuizos e a toma de decisións.



CULTURACTIVA

DIANA SIEIRA

The Witch

DIRECCIÓN: *DIANA SIEIRA*
ELENCO: *DIANA SIEIRA*

PÚBLICO: *ADULTAS*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *70'*



Un necesario ejercicio de revisión histórica sobre a figura das bruxas.



Diana Sieira relata desde a comedia e a farsa a historia da caza de bruxas en Europa. Esta menciñeira, ocupada entre plantas e ungüentos, agarda polo seu xuízo mentres o público realiza pequenos rituais desde o patio de butacas antes de decidir a sorte final da muller: queremos queimar á bruxa ou desexamos a súa liberación? Humor con mensaxe e moita participación do público para un espectáculo realmente interesante.



CULTURACTIVA

ISABEL RISCO

Bravas

DIRECCIÓN: *FRAN REI*
ELENCO: *ISABEL RISCO*

PÚBLICO: *ADULTO*
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: *80'*



*Premio FETEGA Carballiño
á Mellor Actriz 2015.
Premio Mestre Mateo 2013 á mellor
interpretación feminina de reparto.
III Premio Luísa Villalta da
Deputación da Coruña.*



Bravas é unha produción teatral sobre mulleres sen medo, mulleres que forman parte dun clan que elas mesmas paren, amamantan, manteñen, constrúen cos alicerces da rebeldía, da rebelión, da ilusión, da valentía, da xustiza social, da empatía, da humanidade. Isabel Risco dá un paso adiante tras o éxito de Nabiza Girl cun espectáculo que combina o humor e o teatro con grandes textos de Paula Carballeira, Clara Gayo, Roi Vidal e Xurxo Barcala.



MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA

SARABELA TEATRO

Made in Galiza

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: FERNANDO DACOSTA,
SABELA GAGO, ELENA SEIJO,
JOSITO PORTO

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: *TEATRO*
DURACIÓN: 55'



E ti, que vés falando? Un espectáculo para sacar a lingua a pacer.

Sarabela leva a escena o recoñecido libro sobre a lingua galega do autor Sechu Sende. A obra transita por momentos recoñecibles no día a día e combina temas de Sociolingüística con maneiras de vivir e pensar amables e xenerosas ás que chegar mediante o lúdico e o divertido, con pouso. Un xeito de seducir en cuestións de lingua, non de impoñer nada a ninguén. Unha comedia sobre o uso do galego que mestura a divulgación, a ironía e a realidade dun xeito perfecto.



CULTURACTIVA



NARRACIÓN ADULTO

VERO RILO

Tralalareira

DIRECCIÓN: VERO RILO
ELENCO: VERO RILO, SANTI CRIBEIRO

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'



Vero Rilo amosa o seu perfil máis divertido, cantareiro e retranqueiro.

Un espectáculo de narración oral e música para público adulto da narradora Vero Rilo, con Santi Cribeiro ao acordeón. Historias de vida, de tradición oral e contos de autor/a xunto con músicas para cantar acompañadas.



CULTURACTIVA

LETI DA TABERNA

Enredada

ELENCO: *LETI DA TABERNA*

PÚBLICO: *ADULTO*
ESTILO: *MONÓLOGO*
DURACIÓN: *60'*



*Se non coñeces a Leti da Taberna,
xa estás tardando.*

Leti da Taberna trae o seu primeiro monólogo no que explora en ton irónico a nosa relación coas redes sociais e como nos inflúen no noso día a día. En galego e con perspectiva feminista, Enredada enche o escenario de luz e enerxía, provocando que a espectadora se vexa identificada coas situacións que se presentan e acabe ríndose de si mesma.



MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA

LETI DA TABERNA

Jastac Japi Jolidais

ELENCO: LETI DA TABERNA

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: MONÓLOGO
DURACIÓN: 70'



Moito humor e moita retranca nesta viaxe que nos propón Leti da Taberna.

Ata que punto disfrutamos do tempo de lecer? Vivimos como desexamos? Pasamos once meses ao ano ansiando as vacacións? Realmente disfrutámolas? Viaxamos por pracer ou postureo? Cal e o prezo da turistificación?

As respostas a todas estas preguntas e moitas máis están no novo espectáculo de Leti Da Taberna. Un monólogo fiel ao seu estilo, en galego, incluso e con garantía de moitas risas. Con retranca e irreverencia, irás de vacacións polo mundo sen moverte do teu asento. Prepara a túa cámara selfie e abre as túas redes sociais, que marchamos de viaxe con JASTAC JAPI JOLIDAIS!!!



MÁIS
ESPECTÁCULOS

CULTURACTIVA

AVELINO GONZÁLEZ

Galego para adolescentes /
Contos que foron chistes / Eran Elas

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ
ELENCO: AVELINO GONZÁLEZ

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 50'



*Historias para facer rir e pensar sobre
o que nos rodea e o que somos.*

Avelino González é un dos pioneiros e principais contadores e narradores de Galicia. No 2025 achéganos Galego para Adolescentes, unha proposta máis que necesaria, Chistes que foron Contos, unha divertida escolma de historias ben coñecidas, e Eran Elas, historias de posta en valor do labor das mulleres na historia e na actualidade.

GALEGO PARA ADOLESCENTES



CONTOS QUE FORON CHISTES



ERAN ELAS



CULTURACTIVA



MÚSICA FORMATOS GRANDES

GUADI GALEGO

Síntese horizonte



*Premio da Crítica de Galicia.
Premio Martín Códax da música.
Premio á Promoción da Realidade
Plurilingüe do Estado.
Premio Meninas.*

Síntese Horizonte é unha aposta pola evolución do seu son na que Guadi Galego se acompaña dunha portentosa banda e dunha produción que destaca pola súa coidada iluminación e posta en escena. Precisabamos poder ver, sentir e escoitar: a firme crenza do poder transformador da música ao vivo. A xira de Síntese Horizonte finalizará en outubro de 2025.



CULTURACTIVA

MERCEDES PEÓN

Ingrávida



*Premio Nacional da Cultura Galega.
Artista do ano para Folkword.
Artista Top TEN na Revista Songlines.*

Ingrávida é unha viaxe musical pola traxectoria dunha artista esencial, única, irrepetible, dende a saída do seu primeiro disco, Isué, ata hoxe. Unha homenaxe á persistencia da creación colectiva, que é un xeito de mirar o mundo, a cabalo entre o acústico e a electrónica. Un espectáculo en varios formatos, no que Mercedes Peón se acompaña de artistas e bandas como Raigañas, Xirifeiras, ConcertoTempo, Caamaño&Ameixeiras, Mónica de Nut e Ana Fernández, entre outras.



CULTURACTIVA

XURXO FERNANDES

Levaino!



Unha das voces máis influíntes do país cunha visión única sobre as músicas de raíz e de creación colectiva.

Con “Levaino!” imos de viaxe polos sons máis arcaicos dunha Galicia primitiva, mesturados co exotismo oriental. Pandeireta e instrumentación moderna nun espectáculo que sobresaí do escenario e que vai máis alá do musical, cunha proposta estética moi visual, grazas á participación de Pan Sen Fron, creada e dirixida polo propio Xurxo Fernandes.



CULTURACTIVA

ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI

Os saxofóns de Occidente



Pode que a fin do mundo estea preto mais, se pola Orquestra Bravú Xangai fose, o mundo sería un baile eterno, unha repichoca sen fin, unha festa sen medida con gosto a sal e licor como boa bacanal bravú. A Xangai, con Xurxo Souto ao fronte, segue co facho do bravú prendido 30 anos despois daquel glorioso momento, a fundación do Bravú en Chantada en novembro de 1994. O seu novo disco “Os saxofóns de Occidente” contén 17 cancións e o seu directo un feixe de músicas coas que bailar e brincar ate que saia o sol.



CULTURACTIVA



NOVIDADES

OS CARUNCHOS

Unha gorxa chea de paxaros



Os Carunchos renden homenaxe ao poeta Manuel María musicando unha selección dos seus poemas. Os Carunchos celebran tres décadas de música en galego co gran Poeta da Terra. Deste encontro prodixioso entre a música e a palabra xorden trece temas, unha gorxa chea de paxaros e de versos, cos que celebrar a longa vida dunha das bandas fundamentais da música tradicional galega.



CULTURACTIVA

JAVIER OTERO NEIRA

Pálido Punto Azul



Artista Yamaha.

Javier Otero Neira presenta a súa primeira ópera contemporánea, Pálido Punto Azul, con libreto de Iria Azevedo, que toma como punto de partida a famosa fotografía tomada pola sonda Voyager 1 en 1990 a unha distancia de 6.000 millóns de quilómetros. Unha petición de Carl Sagan e a derradeira imaxe da Terra antes de apagar definitivamente as cámaras. Unha representación do lugar que ocupa a humanidade no Universo a través de diferentes dimensións artísticas (música e libreto, visuais e performance). Unha obra colectiva que serve para amosar a insignificancia e fragilidade do noso planeta como un pequeno punto azul na inmensidade do espazo. Unha viaxe que percorre o Ser, o Estar e o Parecer en busca de “instruccions” para saber diferenciarlos. “Todo o que buscamos convértese nunha mera representación”.



CULTURACTIVA

TRES PESOS

Cantares e contares



Os Tres Pesos soben á escena para compartir co público unha ducia de Cantares e Contares entrañables que eles recibiron xa doutros, como sempre aconteceu na roda da transmisión oral. Uns cantares que reflexionan sobre a idiosincrasia da nosa sociedade, da nosa esencia, do ser galego.



CULTURACTIVA

LOITA AMADA

Rematou o simulacro



Rematou o simulacro ofrece o son máis cañeiro que caracterizou sempre a Jásper na súa traxectoria musical. Gravado en Garate Estudios da man de Kaki Arakarazo, as guitarras volven a ruxir coma nunca. Loita Amada fainos vibrar, bailar, berrar e disfrutar a partes iguais co seu rock-punk explosivo! Atrévete?

Novo disco en Outono de 2025.



CULTURACTIVA

IALMA

Homenaxe



IALMA celebra o seu 25º aniversario e reivindica co seu novo espectáculo a todas as mulleres e homes que, en calquera lugar do planeta, tiveron que desarraigar a súa vida para escapar da ditadura.

Moito máis que un espectáculo, HOMENAXE é un un berro vital que clama pola urxencia de rexeitar calquera forma de totalitarismo, en tempos de cólera para as democracias a nivel mundial, que pretende verter algo de luz ante a desmemoria.



CULTURACTIVA



VERBENA FESTA BAILE

QUINKILLADA

Puro inferno



A sinerxia perfecta entre a maxia da verbena galega e a forza dun festival.

En 2024 publican o seu segundo traballo “Mortal Cumbia!”, aínda máis bailable. Aínda, se cabe, máis festivaleiro. Con novo vestiario, deseño de luces e un directo digno dunha das bandas que máis está medrando nos últimos anos.



CULTURACTIVA

O SONORO MAXÍN

A primavera ten que ser nosa



Premio Martín Códax 2017.

Co Sonoro Maxín estoura a Galiza tropical en cada concerto. Levan máis de 15 anos convertindo as festas e verbenas do país nun torreiro cheo de baile e ledicia, amizade e cumbia galega.

O Sonoro Maxín son nome propio do tropicalismo galaico, son a maxia do licor café nunha noite estrelada de verán na que todos e todas estamos convidadas a danzar e rir sen fin.

“A Primavera ten que ser nosa” é o nome da súa xira e dun dos seus últimos éxitos, unha declaración de intencións no que a banda explora novos sons ao tempo que proclama que a primavera é de todas, non duns poucos. Que non nola rouben!!!



CULTURACTIVA

OS D'ABAIXO

Somos a pedra



*Premios Martín Códax da Música 2022
de Música Folk.*

A música folk rompe todos os seus límites cos pés na tradición e a cabeza no futuro. Os D´Abaixo son 100% folk galego e universal, sen fronteiras. Herdeiros de bandas como Berrogüetto e Fía na Roca, transforman o alcance da música folk. A súa calidade, orixinalidade e espírito festivo son a súa carta de presentación, unha banda imprescindible no folk galego actual. Arriba os d'Abaixo!



CULTURACTIVA

MOMBOI

Vacacións en Ornanda



Premio Martín Códax 2023 na categoría Pop e Indie.

Folk-Rock-indie aderezado con ritmos iberoamericanos. Momboi é unha desas bandas que todo o mundo debería coñecer e degustar.

O seu segundo disco “Vacacións en Ornanda” é xa un clásico da música galega contemporánea, un fito que a banda de Noia leva por todo o país sen complexo ningún.

Veñen de estrear dous novos sinxelos que presentarán este ano no seu directo, ademais de novas músicas que continúan a compoñer, unha verdadeira delicatessen para a música galega!



CULTURACTIVA

FLOW DO TOXO

Aquí están as que ghritan



O seu primeiro traballo, “Aquí están as que ghritan”, é un berro persoal e colectivo dende o rural.

Flow do Toxo deciden subir aos escenarios como forma de tomar espazos masculinizados. O rap como forma de loita directa e sen complexos, Música con perspectiva transfeminista, música para pasalo en grande nun espazo seguro. Flow do Toxo para dicir: aquí estamos

Flow do Toxo son Xía Non Neva, Todo Poderosa Lauris, Silvia de Taboexa, Temible Olivina.



CULTURACTIVA

TIAM GZ

Volta ao xogo



Músicas urbanas dende o corazón da Galiza profunda, dende Chantada. Primeiro foi o Bravú e, agora, a mocidade, canta a ritmo de rap rural.

TIAM Gz combina nos seus temas protesta e festa, positividade, colectividade e xustiza social. A súa música leva ao público dende as cancións máis reivindicativas ata as sonoridades máis bailables, nunha mestura de hip-hop, pop, acústica, trap e moito máis.



CULTURACTIVA

GALIFUNK BRASS

Galifunk



A Galifunk Brass ten como finalidade encher as festas e festivais de alegría e calidade musical.

Unha banda instrumental que aporta o seu particular punto de vista sobre as músicas de baile actuais e de todos os tempos cunha calidade pouco vista O seu directo é do máis variado, intepretan temas onde predomina o rock, o soul, o jazz con improvisación, ritmos pegadizos, a virtuosidade e incluso pequenas incursións ao rap.



CULTURACTIVA




FORMATOS ESPECIAIS / MÚSICA DE RUA / PEQUENOS FORMATOS

MERCEDES PEÓN

Osmose

*Premio Nacional da Cultura Galega.
Artista do ano para Folkword.
Artista Top TEN na Revista Songlines.*



Osmose é unha peza híbrida (música, audiovisual e performance) que articula, cunha nova linguaxe, un relato crítico sobre os efectos da chegada do capitalismo ás comunidades do rural galego. Peque Varela, Laura Iturralde e a propia Mercedes Peón crearon un universo vibrante que, a través de imaxes da película Nación de Margarida Ledo, do arquivo persoal de Mercedes Peón e das súas composicións, foron quen de elaborar un discurso crítico e moi atinado, un espectáculo que xa visitou espazos como o Festival Grec (Barcelona), Teatro Conde Duque (Madrid), Teatro Central (Sevilla), Teatro Rosalía (Coruña); Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela), Escena Abierta (Burgos), Theatre National en Douai (Francia), e moitos lugares máis.



CULTURACTIVA

MERCEDES PEÓN

Déixaas



*Premio Nacional da Cultura Galega.
Artista do ano para Folkword.
Artista Top TEN na Revista Songlines.*

Déixaas amplía o universo creativo de Mercedes Peón combinando artesanía musical e vangarda creativa dun xeito excepcional. Sen abandonar a base tradicional, Déixaas inclúe unha faceta contemporánea inspirada en espazos acústicos industriais.

Este espectáculo ofrece unha experiencia artística única, un verdadeiro tronso que nos reconecta ao máis auténtico, onde a música se converte nunha cadea de transmisión de patrimonio cultural de primeira orde.



CULTURACTIVA

JAVIER OTERO NEIRA

Xogo de espellos /
Escoitando o silencio



Artista Yamaha.

XOGO DE ESPELLOS

As músicas creadas para piano, electrónica e orquestra son a canle de comunicación deste espectáculo, tan innovador como persoal. Presenta varios formatos: piano, orquestra e electrónica; piano e electrónica; piano, electrónica e auriculares.



ESCOITANDO O SILENCIO

Un proxecto innovador no que, mediante o uso de tecnoloxía WIFI, Javier Otero Neira fai un exercicio sen precedentes, cunha proposta artística baseada na intervención musical en espazos únicos nas que o silencio perdura no entorno, e, respectando ese silencio, transcorre o concerto de piano e electrónica con auriculares de última xeración.



CULTURACTIVA

OS BREGADIERS

Os Bregadiers



Os Bregadiers son unha banda de rúa que leva percorrendo o país dende o ano 2016. Renóvanse cada ano para ofrecer unha festa soul-funk-jazz coa que non poderás deixar de moverte.



CULTURACTIVA

BRASSICA RAPA

Ghrelo Power



A primeira fanfarria do país 100% feminina. Un concepto inspirado nas brass bands neoiorquinas, pero tamén das big bands ou das charangas tradicionais. Dende grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando polo jazz para reivindicar o papel e a presenza da muller no panorama musical do país.



CULTURACTIVA

ACORDEIRETA

Loitar cantando



Loitar Cantando (verbas de Luz Fandiño) é o lema deste dúo de acordeón e pandeireta e tamén o título do seu primeiro traballo cun estilo único, fresco e contundente.



CULTURACTIVA

OS MONIFATES

Os Monifates, 10 anos
percorrendo camiños



Benvidos e benvidas ó
mundo de Os Monifates!!

Levan máis de dez anos
percorrendo vilas nun carromato
cargado de instrumentos e
monicreques danzantes, dando
vida a un espectáculo versátil,
nun formato distinto e orixinal,
ao mesmo tempo que lúdico
e didáctico, pensado para o
disfrute de toda a familia, onde
descubriredes as maravillosas
historias dos seus personaxes.

Acompañádenos nesta aventura.

Avante Monifates!!



CULTURACTIVA

CÉ ORQUESTRA

Home Orquestra /
Fios do querer




A recuperación do home orquestra en Galicia ten un só nome, Cé Orquestra Pantasma. A súa proposta adáptase tanto a rúa como a interior e gusta a todas as idades.

HOME ORQUESTRA 

FIOS DO QUERER 



CULTURACTIVA



25anos

CULTURACTIVA

CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836